



# BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

## Concello de Vedra

Agosto 2021 • Nº 258



### LEMBRA... HAI VEDRA

- Merca no comercio local.

hai  Vedra  
ti sumas

### TRANSPORTE PÚBLICO

- O Concello de Vedra fará chegar a cada fogar un exemplar da nova revista do "Transporte Público Metropolitano de Galicia en Vedra", xa cos horarios de paso por cada parada e cada parroquia.



### INFORMACIÓN TURÍSTICA NA REITORAL DA ULLA

- Aberto o punto de información turística no verán en horario de martes a domingo de 11:00 a 15:00 horas. Teléfono de información turística: 669 450 804.

## AGOSTO

| L  | M  | MC | X  | V  | S  | D  |
|----|----|----|----|----|----|----|
|    |    |    |    |    |    | 1  |
| 2  | 3  | 4  | 5  | 6  | 7  | 8  |
| 9  | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 |
| 30 | 31 |    |    |    |    |    |

### ASTRONOMÍA: O CAMIÑO DAS ESTRELAS AS ESTRELAS DO CAMIÑO

- Volve a Vedra a oportunidade de ver as estrelas dun xeito diferente!!  
**Data:** 14 de setembro.  
**Lugar:** Contorna do Campo da Festa de Vedra.  
**Inscripcións:** Na web [www.concellodevedra.gal](http://www.concellodevedra.gal) a partir do 1 de setembro.  
**Información e consultas:** No teléfono 981 814 691.



**O CAMIÑO  
DAS ESTRELAS  
AS ESTRELAS DO  
CAMIÑO**

**14 DE SETEMBRO DE 2021**  
ÁS 21:00 HORAS EN VEDRA

A ACTIVIDADE PODE VARIAR DE DATA  
DEPENDENDO DO TEMPO.  
Por protocolo COVID será necesario inscribirse  
previamente en [www.concellodevedra.gal](http://www.concellodevedra.gal)

ORGANIZA:

 Concello de Vedra

 USC

 Xacobeo 21-22

 XUNTA DE GALICIA





Amencer coa ruta en piraguas polo Ulla.



Amencer de pilates reubidado pola climatoloxía.



Amencer no Gundián con Bailoterapia.



Noitiña de conversa con Natalia Barreiro Piñeiro en San Miguel de Sarandón.



Noitiña de verán con Xoan Curiel.



Noitiña do 16 de xullo en Illobre co espectáculo Saaaaabor.



Noitiña en San Mamede co espectáculo familiar O Peirao, reubidado pola climatoloxía.



Tardiña moza, quedada xove.



Tardiña nova con sesión de Grandes Xogos.





Tardiña nova con xogos de auga.



Tardiña de verán con decoración natural o 20 de xullo.



Tardiña de verán na piscina do 22 de xullo - quedada xove.



Así foron os campamentos infantil e xuvenil de Vedra no Albergue Area de Viveiro.



Con actividades acuáticas, xogos e moita diversión.



Con música, bailes, experiencias compartidas... E moitas gañas de repetir!!



Recoñecemento público aos tres centros escolares vedreses neste curso tan difícil como especial.





Presentación por parte da Axencia Galega da Industria Forestal do estudo de datos da “Cadea forestal - madeira” dos anos 2019 e 20 na que participou o Vicepresidente e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia.



Formación do Voluntariado Xuvenil en Vedra para este ano 2021



Concurso Hípico no Camiño na Carballeira do Souto de San Fin de Sales.

## VEDRA, TAPAS NO CAMIÑO

■ Durante o mes de xullo gozamos da gastronomía do Camiño de Santiago nos establecementos de hostalaría local, comendo como verdadeiros peregrinos e

peregrinas. Puidemos saborear as tapas de culler do Camiño de Inverno, as tapas de viño no Camiño Miño-to Ribeiro, tapas de repostaría na Vía da Prata.



Tapas de culler do Camiño de Inverno.



Tapas de repostaría na Vía da Prata.



Tapas de viño no Camiño Miño-to Ribeiro.





## ASÍ FOI... NAS ASOCIACIÓNS



XVIII Festival de Bandas de Música O Patio.

### ■ ASÍ FORON OS CAMPAMENTOS ASOCIATIVOS EN VEDRA!

Ata tres colectivos asociativos diferentes ofertaron con gran éxito a súa propia alternativa de conciliación e ocio para a infancia e a xuventude vedresa!!



O Acamparte da ANPA CEIP Ortigueira.



A Escola Ambiental AMABUL.



O I Campus Deportivo Club Olímpico de Vedra.





## PISCINA MUNICIPAL DE VEDRA VERÁN 2021

### ■ Aberta ata o 31 de agosto.

- Horario: de luns a domingo de 16:00 h. a 21:00 h.
- Teléfono: 653 131 344 (solo no horario da piscina)
- Limitación de aforo, control e identificación no acceso á propia piscina.
- En caso de mal tempo as instalacións permanecerán pechadas!

### ■ TARIFAS DA PISCINA MUNICIPAL DE VEDRA 2021

#### Entrada á piscina sen abono:

- Persoas empadroadas en Vedra
  - Menores de 6 anos: ENTRADA GRATIS
  - Menores de 18 anos e maiores de 65 anos: 1 €
  - Maiores de 18 anos: 2 €

## ALUGAMENTO DE PIRAGUAS E TÁBOAS DE PADDLE SURF NA ÁREA DE RECREO DE AGRONOVO

- Durante o mes de agosto, todos os venres, sábados e domingos pola tarde entre as 16:00 h. e 20:00 h. poderase acceder libremente ás piraguas e ás táboas de paddle surf mediante o seu alugamento a un prezo de 4 €/ hora.

**ALUGUER DE PIRAGUAS E TABLAS DE PADDLE SURF**

Área de Recreo de Agronovo

AO LONGO DOS MESES DE XULLO E AGOSTO, OS VENRES, SÁBADOS E DOMINGOS POLA TARDE ENTRE AS 16:00 E 20:00 H.

ALUGUER 4 € / HORA

Concello de Vedra

## INFORMACIÓN SOBRE AS TARIFAS E ABONOS NA PROPIA PISCINA



## PAVILLÓN POLIDEPORTIVO NO VERÁN

- No mes de agosto o ximnasio municipal permanecerá aberto co horario do pavillón municipal. No momento no que as restricións COVID o permitan volverase habilitar a aplicación de alugamento da pista central na páxina web do concello.

## SERVIZO DE ALUGAMENTO DE BICICLETAS BTT

### ■ Puntos de intermediación de bicicletas:

- **Bar Quenllas:** r/Manuel Texo, nº 3, Santa Cruz de Ribadulla (42.776649, -8.424904). Tel.: 981 512 452
- **Bar Barreiro:** Cibrán, nº 9, San Xián de Sales. (42.814694, -8.511153) Tel.: 981 511 508
- Ou chamando ao 669 450 804  
[casadospeons@concellodevedra.com](mailto:casadospeons@concellodevedra.com)




# Pasatempo... Verán 2021

Amencerer



tardiñas



noitiñas



## “PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES SEGURAS”

- ✓ Actividades e espectáculos de pequeno formato
- ✓ Distribución de actividades por todas as parroquias e ao aire libre
- ✓ Dirixido a toda a poboación local: infancia, mocidade, persoas adultas e maiores
- ✓ Límite de aforo e protocolo COVID
- ✓ Recuperar a confianza para que a veciñanza asista presencialmente ás actividades culturais
- ✓ Colaboración asociativa

**martes**  
**3 agosto**

### Tardiña: TARDIÑAS NOVAS - DANZAS E XOGOS DO MUNDO



**Hora:** De 18:00 h. a 20:30 h.

**Lugar:** Campo da festa de Vedra.

**Nº de prazas:** 25. Actividade para a infancia nacida entre o 2009 e o 2017 (coa creación de dous grupos; un de 3 a 7 anos e outro de 8 a 12 anos).

Cada tardiña desenvolverá a actividade que lle da título.

**martes**  
**10 agosto**

### Tardiña: TARDIÑAS NOVAS - JUGGER



**Hora:** De 18:00 h. a 20:30 h.

**Lugar:** Campo da festa de Vedra.

**Nº de prazas:** 25. Actividade para a infancia nacida entre o 2009 e o 2017 (coa creación de dous grupos; un de 3 a 7 anos e outro de 8 a 12 anos).

Cada tardiña desenvolverá a actividade que lle da título.

**xoves**  
**5 agosto**

### Tardiña: TARDIÑAS MOZAS - QUEDADA XOVE



**Hora:** De 18:00 h. a 20:30 h.

**Lugar:** Contorno do Pavillón Polideportivo - Centro Social.

**Nº de prazas:** 25. Actividade para a mocidade de entre os 12 e os 18 anos. Cada xornada desenvolverase unha actividade diferente.

**xoves**  
**12 agosto**

### Tardiña: TARDIÑAS MOZAS - QUEDADA XOVE



**Hora:** De 18:00 h. a 20:30 h.

**Lugar:** Contorno do Pavillón Polideportivo - Centro Social.

**Nº de prazas:** 25. Actividade para a mocidade de entre os 12 e os 18 anos. Cada xornada desenvolverase unha actividade diferente.

**venres**  
**6 agosto**


### Noitiña: ESPECTÁCULO INFANTIL-FAMILIAR “CIRKOTE”



**Hora:** Ás 21:00 h.

**Lugar:** Campo da Festa de San Pedro de Sarandón.  
Actividade familiar.

**Nº de prazas:** Aforo limitado segundo normativa COVID.



venres  
13 agosto

**Noiteña:**  
**NOITEÑA DE TEATRO CON ANDA-  
RAVÍA A.C. PAPAVENTOS**

**Hora:** Ás 21:30 h.

**Lugar:** Contorno da Estación de Santa Cruz de Ribadulla.

Actividade aberta ao público en xeral.

**Nº de prazas:** Aforo limitado segundo normativa COVID.



sábado  
21 agosto

**Noiteña: NOITEÑA DE CONCERTO**  
**"Cancioneiro do Camiño de Santiago" MANUELE DE FELISA**

**Hora:** Ás 22:30 h.

**Lugar:** Campo da Festa do Santiaguíño, San Pedro de Vilanova.

Actividade aberta ao público en xeral.

**Nº de prazas:** Aforo limitado segundo normativa COVID.



**Noiteña: UNHA NOITE DE  
ACAMPADA NOVA**

**Hora:** Das 19:00 h. do venres ás 12:00 h. do sábado.

**Lugar:** Área de recreo de Agronovo.

Actividade dirixida á infancia dos 6 aos 12 anos.

**Nº de prazas:** 30.



xoves  
26 agosto

**Noiteña: CINE INFANTIL-FAMILIAR**  
**"El Cano e Magallanes: Volta ao mundo"**

**Hora:** Ás 22:00 h.

**Lugar:** Campo da Festa de Merín.

Actividade familiar.

**Nº de prazas:** Aforo limitado segundo normativa COVID.



sábado  
14 agosto

**Amencer: RUTA EN PIRAGUAS**  
**POLO ULLA (DE SUBCIRA A AGRONOVO)**

**Hora:** Ás 10:00 h.

**Lugar:** Área de recreo de Agronovo.

Actividade dirixida a persoas maiores de 13 anos con autorización.

**Nº de prazas:** 30. **Prezo:** 18 €/persoa.



sábado  
28 agosto

**Amencer: ESCALADA**

**Hora:** Ás 10:00 h.

**Lugar:** Antigo campo de fútbol de Ponte Ulla.

Actividade dirixida a persoas maiores de 13 anos con autorización.

**Nº de prazas:** 20.

**Prezo:** 12 €/persoa.



venres  
20 agosto

**Noiteña: UNHA NOITE DE  
ACAMPADA MOZA**

**Hora:** Das 19:00 h. do xoves ás 12:00 h. do venres.

**Lugar:** Área de recreo de Cubelas.

Actividade dirixida a xuventude de máis de 12 anos.

**Nº de prazas:** 30.



sábado  
11 setembro

**Amencer:**  
**ANDA CA BANDA POLA VÍA  
DA PRATA E POLA CAMIÑO DE  
INVERNO:**

**Coa B.M. Sta. Cruz de Ribadulla.**

**Hora:** Saída ás 09:30 h.

Actividade aberta ao público en xeral.

**Nº de prazas:** Aberto. En grupos segundo normativa COVID.



✓ Todas as actividades requiren de inscrición previa na páxina web:  
[www.concellodevedra.gal](http://www.concellodevedra.gal)

✓ O prazo de inscrición de cada unha das actividades abrírase 5 días antes da celebración da mesma, e pecharase cando se complete o aforo.

✓ MÁIS INFORMACIÓN NO TELÉFONO 981 814 691



**Concello  
de Vedra**



**Deputación  
DA CORUÑA**



**XUNTA  
DE GALICIA**



**Xacobeo 21-22**



## CAMIÑOS DE MÚSICA

■ Esta proposta que mestura en Vedra música e turismo tivo a súa primeira parada en xullo co “ANDA COA REQUINTA” dando mostra de como se pode mesturar con éxito a música, a tradición e o turismo!!

Coa colaboración de “A Gaita de Sarandón” e “A Requinta da Laxeira” o percorrido dos case 20 quilómetros desta etapa foron moito máis levadíos e a xornada rematou cun animado concerto de ambas formacións na praza da Quintana!

O 11 de setembro teremos unha nova oportunidade. Esta vez coa colaboración da Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla faremos a última etapa do camiño “da Vía da Prata” e remataremos co seu concerto ás 20:00 horas na Praza das Praterías. **Inscríbete a partir do 1 de setembro en [www.concellodevedra.gal](http://www.concellodevedra.gal)**



# Camiños de Música

**SÁBADO 11 DE SETEMBRO**

**ANDA CA BANDA...  
POLA VÍA DA PRATA E POLO  
CAMIÑO DE INVERNO**

Coa Banda de Música de  
Sta. Cruz de Ribadulla

**Saídas:**  
9:30 h. Campo da festa da Ponte Ulla (21 KM)

10:30 h. Capela do Santiaguíño (16 km)

Concerto ás 20:00 h. na praza de Praterías

*Vía da Prata  
Camino de Inverno*

*Camino Minoto-Ribeiro*

Actividades con aforo limitado e protocolo COVID  
+ información e inscricións en [www.concellodevedra.gal](http://www.concellodevedra.gal)

[facebook.com/concellodevedra](https://facebook.com/concellodevedra)

Vedra, Camiño Xacobeo
XUNTA DE GALICIA

## Servizos Sociais

### LUDOVERÁN

■ Dende o programa de conciliación CONXUGA seguimos acompañando nunha chea de actividades en torno ás Olimpíadas e o Camiño de Santiago nas que, os misterios por resolver serán claves para poder continuar a nosa aventura, terán que aprender a resolver enigmas, traballar en equipo, rastrexar tesouros, toda unha serie de dinámicas que farán que os máis pequenos se convertan nos mellores participantes da contorna!!!!!!

A Ludoteca de verán, ten como obxectivo ser unha alternativa próxima para aquelas persoas que necesiten coordinar os seus períodos laborais cunha atención integral para os seus fillos e fillas.

Chega a época de verán e os nenos dispoñen de tempo libre, seguindo as liñas pedagóxicas que vimos





desenvolvendo, pensamos que é axeitado brindar-lles a oportunidade de compartir ese tempo, relacionándose cos outros nun marco lúdico.

A palabra aventura contextualízanos nun universo fantástico atractivo para os nenos. Partindo desta idea propoñémoslles que sexan os protagonistas da súa propia aventura e desenvolvan as súas capacidades; onde a vida será a nosa trepidante aventura;

iremos aprendendo e descubrindo a nosa contorna próxima e o mundo cos misterios que o rodean.

Mesmo horario que o mes anterior de 8:30 h. a 14:30 h.



Concello  
de Vedra



XUNTA  
DE GALICIA

## Muller

### NOVO TALLER “MULLERES + 2021”

■ *Programa da promoción do empoderamento persoal e autocoidado para mulleres no Concello de Vedra.*

Cando nos achegamos ao mundo das TIC e da inserción no mercado laboral nun concello rural como o noso, a perspectiva de xénero permite darnos conta que a situación e posición das mulleres e dos homes non é a mesma. Unha correcta análise de xénero fai-nos decatar das evidentes brechas de xénero tanto para o acceso ao mercado laboral como na xestión de actividades na vida cotiá en canto ao referente ao emprego das TIC.

O tipo de capacitación que propón Mulleres+ vai encamiñada a achegar ás mulleres ao universo das novas tecnoloxías e ao descubrimento das súas posibilidades, o que reduce o medo e a desconfianza que estes instrumentos aínda xeran.

Para iso é necesario realizar un esforzo formativo que mostre o lado máis amable e máis útil das novas tecnoloxías, tratando de reducir a imaxe de elementos complexos e destinados a un público moi específico, e normalmente masculino, en favor dunha concepción

práctica das mesmas que permita avanzar no empoderamento das mulleres.

■ *Eu sei, eu móvome, eu protéxome.*

- **Coñecementos básicos no uso das TIC.**

As participantes adquirirán coñecementos básicos e habilidades metodolóxicas no uso do computador e os seus compoñentes básicos, o uso dalgunhas aplicacións móbiles e as principais utilidades da internet.

- **Coñecementos teóricos e habilidades metodolóxicas para promover a inclusión dixital.**

Empoderamento e autonomía das mulleres a través de ferramentas TIC de comunicación (correo electrónico, Skype, Whatsapp, etc.) e de participación nas redes sociais (Facebook, Twitter, Instagram, Pinterest, etc.).

Procura de información en liña (buscadores, xornais, radio e televisión, bitácoras).

E-xestión da vida cotiá (saúde, lecer e cultura, xestións locais, compras, banca electrónica), participación en organizacións de mulleres, recursos locais, etc.

O departamento de igualdade do Concello quere pór en marcha unha nova acción formativa. Nesta ocasión, trátase do Programa Mulleres+, que dará comezo en setembro.





Estas accións formativas están orientadas para que as mulleres vaian adquirindo coñecementos e ferramentas que van destinadas ao coñecemento e adquisición de novas capacidades da informática, de idiomas ou doutras ferramentas que lles permitan, entre outros aspectos, poder acceder ao mercado laboral.

Para poder facer fronte á fenda dixital de xénero o departamento de igualdade organiza este taller formativo.

O prazo de inscrición estará aberto dende o 1 de ago-

to ata o 31 do mesmo mes. **O CURSO É GRATUÍTO.**


A inscrición, colgada na páxina web do Concello, deberá remitirse por sede electrónica, ou ben entregarse persoalmente no departamento de servizos sociais do concello.

Para máis información: [carmen.sabio@concellodevedra.com](mailto:carmen.sabio@concellodevedra.com) teléfono 699 041 486 ou 981 81469 de 9:00 a 14:00 horas.

## Parabéns

### ...A MEL BERCE

■ Pola súa prata nos Premios "Honey Awards" coa súa nova mel multifloral, grazas ao traballo dos irmáns de San Miguel de Sarandón, José e Rubén González.



### ...A ASIER CABO LODEIRO

■ Polo seu bronce en Triplo Salto no Campionato Galego sub18.



### ...AO CLUB OLÍMPICO DE VEDRA

■ Polos seguintes recentes resultados...

#### ...A Gabriela Quintás

Campiona de España sub 17 de biatle. Subcampiona galega sub 18 de 3000 metros lisos. 4ª clasificada no campionato galego absoluto de 5000 metros lisos.



#### ...A César Otero

Campión de España sénior de biatle. Campión galego sub 23 de milla en ruta e 6º clasificado absoluto.



#### ...A Víctor Bouzón

Campión de España sub22 de biatle. 7º clasificado no campionato galego absoluto de 5000 metros lisos.



#### ...Andrea Iglesias

Medalla de Bronce no campionato de España sub 17 de biatle.







## CAMPUS DEPORTIVO DE FÚTBOL EE.DD. VEDRA 2021

■ **Días:** 17, 18, 19 e 20 de agosto.  
**Horario:** 09:30 a 13:30. **Lugar:** Campo de O Coto.

### Obxectivos principais:

- Formación técnica a través de exercicios tecnificados e adaptados según a idade e grupo.
- Convivencia entre os participantes con adestramentos e actividades multideporte e charlas informativas.
- E sobre todo aprender e gozar do deporte, co balón de por medio.

### Grupos por idades e número de inscritos.

- Nados entre 2009 e 2017.
- Teléfono de contacto 622 62 92 05.
- Inscricións no Whatsapp 622 62 92 05 ou no enderezo electrónico: [escolasdeportivasvedra@gmail.com](mailto:escolasdeportivasvedra@gmail.com)
- Nome completo, DNI e data de nacemento.
- **GRATUÍTO**

## EN AGOSTO CONTINUÁ... CINE DE VERÁN COA ASOCIACIÓN SENUNPESO

■ 3 parroquias \* 3 filmes galegos

Colaboran o Concello de Vedra e a Asociación Cultural Papaventos.

**Sábado 7 de agosto. 22:30 h.**  
**San Xán de Sales. Campo da festa.**

### "A illa das mentiras"

2020. Drama. 93 min.

**Dirección:** Paula Cons.

**Con:** Nerea Barros, Aitor Luna, Darío Grandinetti, Victoria Teijeiro, Ana Oca, Mela Casal...

Coa colaboración da Asociación de Veciños Unión e Progreso de San Xán de Sales.

**Sábado 14 de agosto. 22:30 h.**  
**San Pedro de Sarandón. Campo da festa.**

### "Quen a ferro mata"

2019. Thriller. 107 min.

**Dirección:** Paco Plaza.

**Con:** Luis Tosar, Xan Cejudo, Enric Auquer, María Vázquez...

Coa colaboración da Asociación de Veciños de San Pedro de Sarandón.



## ABERTO O PRAZO DE INSCRIPCIÓN NOVO CURSO DA ESCOLA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA CONCELLO DE VEDRA

■ Durante o mes de agosto podes inscribirte nas súas actividades, faino a través da ligazón habilitada que

podes atopar nas súas redes sociais @escolademusicasantacruzderivadulla

| MÚSICA E MOVIMENTO                      | INICIACIÓN AO LINGUAXE MUSICAL | BANDA INFANTIL | LINGUAXE MUSICAL     | INSTRUMENTOS                                                                                                                                                            | MATRICULACIÓN                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
|-----------------------------------------|--------------------------------|----------------|----------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Alumnos de 3 a 5 anos.                  | 6 anos                         | Banda Xuvenil  | A partir dos 7 anos. | PIANO-GUITARRA CLÁSICA-BAIXO<br>ELÉCTRICO-CONTRABAIXO-<br>VIOLONCHELO-CLARINETE-FRAUTA-<br>OBOE-FAGOT-SAXOFÓN-TROMPA-<br>TROMPETA-TROMBÓN-TUBA-<br>BOMBARDINO-PERCUSIÓN | Precio socios (mensual)<br>Música e Movemento 30euros<br>Instrumento máis L. Musical 35 euros<br>Precio non socios (mensual)<br>Música e Movemento 35 euros<br>Instrumento máis L. Musical 40 euros<br>Facerse socios 25 euros anuais<br>Descontos por varios membros da mesma unidade familiar. |
| Garantidas todas as medidas sanitarias. |                                |                |                      | Toma de temperatura na entrada.<br>Manparas de protección<br>Utilización de mascarillas polo profesorado                                                                | INFORMACIÓN: 652415887 / 615343990                                                                                                                                                                                                                                                               |
|                                         |                                |                |                      |                                                                                                                                                                         |                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |

**PUBLICA A TÚA PROPOSTA:** Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo [novas@concellodevedra.com](mailto:novas@concellodevedra.com) com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.